

## CLASIFICACIÓN DOS PREXUÍZOS A RESPECTO DO GALEGO<sup>1</sup>

Para clasificalos e achegarmos argumentos eficaces en contra deles, podemos agrupalos arredor de seis grandes bloques temáticos:

1. Prexuízos relacionados coa suposta falta de utilidade do galego.
2. Prexuízos que asocian o galego coa pobreza e co atraso.
3. Prexuízos relacionados co uso do galego como sinal de descortesía ou mala educación.
4. Prexuízos relacionados coa suposta imposición do galego.
5. Prexuízos relacionados coa caracterización desprezativa do galego e coa incompetencia lingüística dos seus falantes.
6. Prexuízos relacionados co uso do galego como marca ideolóxica.

### **1. Prexuízos relacionados coa suposta falta utilidade do galego**

- O galego íllanos do exterior

Durante a Idade Media foi a única lingua de Galiza, falada por todas as clases sociais, e esta tivo a maior proxección exterior da súa historia; ademais, permítenos comunicarnos con máis de 230 millóns de persoas arredor do mundo que son de expresión galego-portuguesa. O galego, pois, lonxe de illar a Galiza do exterior, abre as portas ao mundo e móstrase neste aspecto como unha lingua extensa e útil.

- O galego non xera riqueza

A lingua propia será sempre unha grande fonte de riqueza e progreso para aqueles países que a posúren e que a souberen pór en valor. Mesmo no sector turístico, o galego é un atractivo, pois as persoas viaxan para coñecer algo novo e distinto e moitas son atraídas polo existencia dunha cultura claramente diferenciada.

### **2. Prexuízos que asocian o galego coa pobreza e co atraso**

- O galego, lingua rural

O uso do galego véñse asociando, de maneira reductora e simple, co mundo rural e,

<sup>1</sup> Clasificación adaptada do artigo "Lingua galega e preconceito", de Xosé Ramón Freixeiro Mato.

derivado diso, coa pobreza e ignorancia. O uso do galego nos ámbitos urbanos e innovadores é tamén relevante. O galego, como todas as linguas, é tan apto para o mundo rural como para o urbano.

- O estudo do/en galego como perda de tempo e atraso

Desde hai centos de anos o galego permaneceu totalmente afastado do sistema educativo e ningún neno ou nena galego puido estudar a súa propia lingua. Hoxe, a súa presenza no ensino posibilita para todos o desenvolvemento de maiores competencias.

### **3. Prexuízos relacionados co uso do galego como sinal de descortesía ou mala educación**

- O galego como desconsideración cara ás persoas descoñecidas

De asumir iso, estaríamos a aceptar para o español a condición de lingua superior, reservando para o galego un papel totalmente subordinado como lingua inferior condenada á progresiva desaparición. O natural parece ser o uso do idioma do país como primeira opción na comunicación con todas as persoas e, en todo o caso, recorrer logo a outras linguas –especialmente o español– cando se puxeren de manifesto problemas de comprensión.

- Renuncia ao uso do galego por respecto ás persoas foráneas

As persoas de fóra que veñen a Galiza non poden ter máis dereitos dos que as galegas teñen cando saen fóra. De isto ser así, se o respecto ás persoas implica a renuncia a empregar unha lingua publicamente, deberase renunciar a calquera proxecto de futuro para ela, pois non será posíbel emprender nunca ningunha acción normalizadora efectiva ante esa posibilidade cada vez máis real no mundo actual. As persoas que proceden de fóra, sempre merecedoras de todo o respecto, deben saber que veñen a unha comunidade con lingua propia e, por conseguinte, elas mesmas serán –ou deberán ser e en moitos casos xa o son– as primeiras en respectaren esa realidade histórica e non pretender que todo un pobo deixe de falar na lingua que falou durante séculos por culpa delas. A proximidade entre galego e castelán facilita tamén moito a incorporación ao galego daquelas persoas que o desexaren. De feito, xa non é raro hoxe dar con persoas chegadas de fóra de Galiza que expresan a vontade de seren atendidas en galego para así poderen aprender e integrárense mellor.

#### **4. Prexuízos relacionados coa suposta imposición do galego**

##### **- A imposición do galego no sistema educativo**

Tense falado da imposición do galego como materia obrigatoria, un dos prexuízos máis ilóxicos porque no sistema educativo imposicións son todas as materias (Matemáticas, Lingua Española, Física, Inglés ou Francés etc.). Falarmos en Galiza da imposición do galego no ensino sería como falarmos en Inglaterra da imposición do inglés ou en Castela da imposición do castelán.. Todas as materias teñen o mesmo grao de imposición. Non se pode falar de imposición dunha lingua que é a definida como propia da comunidade e que foi primeiramente a súa lingua única e logo maioritaria durante centos de anos, aínda que para a súa supervivencia sexa preciso actualmente garantirle unha forte presenza no sistema educativo.

A impartición dun amplo número de materias en galego fai que melloren as competencias comunicativas. Alén diso, a Lei de Normalización Lingüística ou o Plan xeral de normalización foron aprobados por unanimidade no Parlamento galego.

##### **- O rexeitamento social á normalización do galego**

Se houber un amplo rexeitamento social non resulta explicábel que todos os partidos políticos que obteñen representación fagan uso do galego nas campañas electorais e inclúan a normalización lingüística nos seus programas. Posibelmente se acontece isto é porque todas as enquisas que se publican dan altas porcentaxes de defensores do galego. O primeiro mapa sociolingüístico galego recolle que o 86.6% da poboación se mostra favorábel a que se potencie o uso do galego e que o “42.4% considera que as medidas actuais son insuficientes”.

#### **5. Prexuízos relacionados coa caracterización desprezativa do galego e coa incompetencia lingüística dos seus falantes**

##### **- O galego como lingua ruda ou fea**

Ten unhas evidentes causas históricas, que non son outras máis que as derivadas do sometemento de Galiza a Castela a fins da Idade Media e as consecuencias de miseria e

pobreza que levaron a moitos galegos a teren que marchar da súa terra na procura da subsistencia, realizando os traballos máis duros e soportando burlas e desprezos. Do desprezo por Galiza e polas súas xentes pasouse doadamente á ridiculización da súa fala, que iría adquirindo o estigma de ser propia de persoas rudas, brutas e ignorantes. E iso acabaría por menoscabar o prestixio do galego entre os propios falantes.

- O galego normativo como lingua artificial

Todas as linguas posúen un modelo de lingua formal e culta diferente das distintas variantes. Existe, así, o tópico de afirmar que o galego que se ensina nos centros docentes ou que se utiliza nos medios de comunicación non é o galego que fala o pobo labrego e mariñeiro, verdadeiro posuidor e transmisor do idioma. Non obstante, nas escolas de todos os países ensínase unha lingua estándar, convencional, que trata de servir de factor unificador das variantes da fala que se dan en todos os idiomas. Queda claro que o galego que falan os labregos e mariñeiros é auténtico galego, mais non se pode trasladar sen máis ese modelo de lingua á escola ou á televisión, porque a vida moderna non se reduce só ao mundo rural e a lingua ten que se adaptar tamén a ela, ao mundo urbano, científico, técnico etc.

- As persoas galegas non saben falar o galego

Unha lingua nunca se chega a falar ben de todo, pois sempre se pode mellorar o seu uso, mais por principio a unha persoa galega ambientalmente en contacto co galego debe presupórselle a competencia suficiente para usalo. A máxima expresión deste prexuízo é presumir de non saber falar a lingua propia do lugar en que un naceu e viviu. E isto aconteceu e aínda acontece.

**6. Prexuízos relacionados co uso do galego como marca ideolóxica.**

- O galego, lingua marcada política ou profesionalmente nas zonas urbanas

A identificación cunha ideoloxía ou profesión determinada non é nin axeitada nin positiva para o galego. O uso e a defensa do galego debemos situalos máis alá dunhas profesións ou siglas políticas concretas, xa que non todas as persoas galegofalantes que viven nas grandes cidades e que defenden activamente a revitalización do idioma pertencen a un partido político concreto ou son profesores/as de galego.